

Consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento

Programa: Consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento.

Data de publicación no DOG: próxima publicación.

Prazo de presentación de solicitudes: do 03.02.2022 ao 02.03.2022.

Códigos dos procedementos:

- ED431C: Modalidade A – Grupos de referencia competitiva (GRC)
- ED431B: Modalidade B – Grupos con potencial de crecemento (GPC)
- ED431F: Modalidade C – Proxectos de excelencia

Cal é o obxecto destas axudas?

Axudas para consolidar, estruturar e especializar as unidades de investigación máis competitivas do Sistema galego de I+D+i mediante as seguintes modalidades:

- **Modalidade A:** Grupos de referencia competitiva (**GRC**). Axudas para a consolidación de grupos de investigación que pola súa produción científica e a súa actividade de I+D constitúan unha referencia no Sistema galego de I+D+i.
- **Modalidade B:** Grupos con potencial de crecemento (**GPC**). Axudas para a consolidación de grupos de investigación que pola súa produción científica e a súa actividade de I+D amosan potencial de crecemento ata converterse en grupos de referencia do sistema de I+D+i galego.
- **Modalidade C:** Proxectos de excelencia. Axudas para a realización de proxectos de investigación a investigadores ou investigadoras individuais que, contando cunha traxectoria excelente consolidada ou en formación, teñen que afianzar unha liña de traballo baseada en proxectos de alto impacto.

Quen pode solicitar estas axudas?

As universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) presentarán a súa solicitude ante a Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Tipo e intensidade das axudas

- Tipo de convocatoria: convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Convocatoria 2021	Convocatoria 2022
<ul style="list-style-type: none"> • Orzamento total: 23.879.616,00 € • Total universidades do SUG – 19.859.616,00 €. <ul style="list-style-type: none"> • Modalidade A.- GRC – 15.484.616,00 € • Modalidade B.- GPC – 2.250.000,00 € • Modalidade C.- Excelencia: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Liña traxectoria consolidada – 400.000,00 € ▪ Liña traxectoria emerxente – 1.725.000,00 € 	<ul style="list-style-type: none"> • Orzamento total: 22.940.000,00 € • Total universidades do SUG – 18.905.000,00 €. <ul style="list-style-type: none"> • Modalidade A.- GRC – 12.960.000 € • Modalidade B.- GPC – 3.420.000 € • Modalidade C.- Excelencia: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Liña traxectoria consolidada – 800.000,00 € ▪ Liña traxectoria emerxente – 1.725.000,00 €

Importe das axudas

O importe máximo das axudas concedidas será o seguinte:

- **Modalidade A (GRC)** : O importe global da axuda distribuirase nun máximo de catro anualidades e virá determinado por un módulo estrutural anual composto dun fixo de 25.000 € máis un variable máximo de 25.000 € tendo en conta os ingresos medios do grupo, e un módulo variable anual, dun máximo de 50.000 € (20.000, 30.000, 50.000 €), acumulable o anterior, en función dos ingresos anuais medios do grupo no período comprendido desde o 1 de xaneiro de 2019 ao 31 de decembro de 2021.
- **Modalidade B (GPC)** : As axudas serán de aplicación por un período de 3 anualidades, mediante o pagamento dunha contía máxima de 20.000 € na primeira e de 35.000 € na segunda e terceira, máis un **variable anual dun máximo de 10.000 €** para aqueles grupos que xa gozaran dunha axuda nesta modalidade desde a convocatoria do 2016 e que non estea activa neste momento e que cumpran determinados requisitos, no período comprendido desde o 1 de xaneiro de 2019 ao 31 de decembro de 2021, establecidos na Orde.
- **Modalidade C:**
 - Proxectos de excelencia – Liña de traxectoria investigadora consolidada. No caso dos proxectos que se acollan á liña de traxectoria investigadora consolidada, as axudas serán de aplicación por un período de ata 4 anualidades, mediante o pagamento anual á institución á que pertenza a persoa que lidere o proxecto dunha contía máxima anual de 50.000 €.
 - Proxectos de excelencia – Liña de traxectoria investigadora emerxente
No caso dos proxectos que se acollan á liña de traxectoria investigadora emerxente, as axudas serán de aplicación por un período máximo de ata 5 anualidades, mediante o pagamento anual á institución á que pertenza a persoa que lidere o proxecto dunha contía máxima anual de 15.000 € para o ano 2022 e de 25.000 € para os anos 2023, 2024, 2025 e 2026.

A onde acudir?

Consellería de Cultura, Educación e Universidade
Secretaría Xeral de Universidades
Subdirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica Universitaria
Servizo de Planificación e Estruturación da Investigación
San Caetano, s/n 15781 - Santiago de Compostela
E-mail: promocioncientifica.educacion@xunta.gal

Documentación e ligazóns

- [Texto da convocatoria \[próxima publicación no DOG\]](#)